

Tarefas de Historia 4º da ESO para facer na semana do 1 ao 5 de xuño.

Ola estimados alumnos:

Xa estamos en xuño, e o final do curso vislúmbrase no horizonte. Pola miña banda, so decirvos que estou coi contento con todos vós porque sodes moi cumpridores. Así que, meus parabéns máis calidos e sinceros.

E agora imos coas actividades desta semana onde imos rematar este tema dos anos previos á Primeira Guerra Mundial, denominada *Belle Époque*. E, desta vez, imos estudar algo do que naqueles anos aconteceu en España e na nosa rexión galega. Un país que seguía os mesmos pasos que os países europeos da época na consolidación dun liberalismo conservador, dunha economía capitalista, dunha conflictividade social, duns movementos nacionalistas, dunha cultura burguesa... Tal vez o máis excepcional, fronte a países do noso arredor, será o fenómeno do chamado *Desastre do 98* -a perda das últimas colonias-, o que vai causar unha profunda crise de pensamento entre as élites intelectuais do país e, por outra banda, un novo intervencionismo do exército na política - presentándose como os verdadeiros salvadores da patria-, o que, finalmente, acabará explicando as dúas ditaduras militares do século XX en España.

Para iso, imos facer as actividades da 19 a 33 (páxinas 110 a 119), exceptuando aquelas que sexan de buscar en internete.

Espero que sigades todoas ben, con moito ánimo e forza, e non vos deixedes arrastrar, aínda, pola “molicie de la caló”

Veña, campeóns, que xa non queda nada.

David